

CATÁLOGO TIPOLÓXICO DO CONTO GALEGO DE TRADICIÓN ORAL

Clasificación, antoloxía e bibliografía

CAMIÑO NOIA CAMPOS

Noia Campos, Camiño

Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral : clasificación, antoloxía e bibliografía / Camiño Noia Campos

Vigo : Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2010
1016 p. ; 24 cm

D.L. VG 291-2010 - ISBN 978-84-8158-483-7

1. Contos - Galicia I. Universidade de Vigo. Servizo de Publicacións, ed.

869.9-34

Edición:
Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo
Edificio da Biblioteca Central
Campus das Lagoas-Marcosende
36310 Vigo
Telf.: 986 812 235
Fax: 986 813 847
sep@uvigo.es

© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2010
© Camiño Noia Campos

Printed in Spain - Impreso en España
I.S.B.N. 978-84-8158-483-7
Depósito legal: VG 291-2010

Imprime: Tórculo Artes Gráficas, S.A.

Reservados todos los derechos. Ninguna parte de este libro puede reproducirse o transmitirse por ningún procedimiento electrónico o mecánico, incluidos fotocopia, grabación magnética o cualquier almacenamiento de información e sistema de recuperación, sin el permiso escrito del Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

TÁBOA DE CONTIDOS

LIMIAR	5
CONTOS DE ANIMAIS	
ANIMAIS SALVAXES 1-99.....	15
A pícara raposa 1-69	15
Outros animais salvaxes 70-99	47
ANIMAIS SALVAXES E DOMÉSTICOS 100-149.....	50
ANIMAIS SALVAXES E HUMANOS 150-199	76
ANIMAIS DOMÉSTICOS 200-219	97
OUTROS ANIMAIS E OBXECTOS 220-299	99
CONTOS DE MAXIA OU MARABILLOSOS	
ADVERSARIOS SOBRENATURAIS 300-399	125
MULLER (MARIDO) SOBRENATURAL OU ENCANTADA E OUTROS PARENTES 400-459	181
TAREFAS SOBRENATURAIS 460-499	203
AXUDANTES SOBRENATURAIS 500-559.....	222
OBXECTOS MÁXICOS 560-649	267
PODER OU COÑECEMENTO SOBRENATURAL 650-699	299
OUTROS CONTOS DO SOBRENATURAL 700-749.....	308
CONTOS RELIXIOSOS	
DEUS PREMIA E CASTIGA 750-779	337
A VERDADE SAE Á LUZ 780-799	379
O CEO 800-809	387
O DEMO 810-826	392
OUTROS CONTOS RELIXIOSOS 827-849.....	414
CONTOS REALISTAS (NOVELLE)	
HOMES QUE CASAN CON PRINCESAS 850-869	435
PROBAS DE FIDELIDADE E INOCENCIA 880-899	450
A MULLER TEIMUDA APRENDE A OBEDECER 900-909.....	466
BOS PRECEPTOS 910-919	477
ACCÍONS E DITOS ENXEÑOSOS 920-929	482
CONTOS DE DESTINO 930-949	502
LADRÓNS E ASASINOS 950-969	506
OUTROS CONTOS REALISTAS 970-999.....	509
CONTOS DO O GRO ESTÚPIDO (DEMO, XIGANTE)	
CONTRATO LABORAL 1000-1029	523
RELACÍON DO HOME CO DEMO (O GRO) 1030-1059	528

COMPETICIÓNS ENTRE O HOME E O DEMO (DIAÑO, TARDO) 1060-1114..	531
O HOME MATA OU INSULTA AO DEMO (OGRO) 1115-1144	537
O HOME BÚRLASE DO DEMO 1155-1169.....	540
ÁNIMAS SALVADAS DO DEMO 1170-1199	541

ANÉCDOTAS E CHISTES

HISTORIAS DE PARVOS 1200-1349.....	551
HISTORIAS SOBRE MATRIMONIOS 1350-1439.....	580
PARELLAS DE PARVOS 1430-1439	651
HISTORIAS SOBRE MULLERES 1440-1524	652
Buscando esposo 1450-1474.....	658
Outras historias sobre mulleres 1500-1524.....	668
HISTORIAS SOBRE HOMES 1525-1724	675
O home intelixente 1525-1639.....	675
Sucesos afortunados 1640-1674	756
O home parvo 1675-1724	775
CHISTES SOBRE CLÉRIGOS E XENTE DE IGREXA 1725-1849	813
O cura burlado 1725-1774	813
Outros chistes sobre clérigos e figuras relixiosas 1800-1849	846
ANÉCDOTAS SOBRE OUTRA XENTE 1850-1874	888
CONTOS DE PATRAÑAS 1875-1999	898

CONTOS DE FÓRMULA

CONTOS ACUMULATIVOS 2000-2100	921
Encadeamentos baseados en números, obxectos, animais ou nomes 2000-2020 ...	921
Encadeamentos dirixidos ao casamento e á morte con personaxes animais 2021-2024.....	927
Encadeamentos sobre outros sucesos 2029-2075	933
CONTOS CON TRUCO 2200-2299	941
OUTROS CONTOS DE FÓRMULA 2300-2399	944

BIBLIOGRAFÍA

I. CATÁLOGOS DE CONTOS.....	949
II. COLECCIÓN DE CONTOS E OBRAS CON ETNOTEXTOS GALEGOS ..	951
III. COLECCIÓN DE CONTOS DOUTRAS ÁREAS LINGÜÍSTICAS	958
IV. OBRAS DE CARÁCTER XERAL PARA O ESTUDO DA NARRATIVA ORAL, COLECCIÓN DE FÁBULAS E DE CONTOS	962
V. REVISTAS CON ETNOTEXTOS GALEGOS.....	970

APÉNDICES

I. TIPOS COMPLEMENTARIOS DO ATU, TIRADOS DE AT E DE

ÍNDICES REXIONAIS, CON NOVAS PROPOSTAS.....	975
---	-----

II. ÍNDICE ALFABÉTICO DE TIPOS E SUBTIPOS	983
---	-----

Limiar

Área lingüística do galego

Os contos clasificados no *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral* (CCG) pertencen ao conxunto da área lingüística do galego, non só ao que hoxe se denomina Comunidade Autónoma de Galicia. De xeito que, ademais dos recollidos no territorio administrativamente galego, clasifícanse contos das comarcas limítrofes: As Portelas, O Bierzo e Terra do Eo-Navia, pertencentes ás provincias de Zamora, León e Oviedo, que teñen concellos de fala galega. Na comarca de Zamora son os concellos de Porto, Pías, Lubián e Hermisende. Na de León, Candín, A Veiga de Espiñareda, Vilafranca, A Veiga de Valcarce, A Ponte Domingo Flórez, Valboa, Trabadelo, Barxas, Oencia, Corullón, Sobrado, Arganza, Cacabelos, Camponaraia, Viladecais, Carracedelo, Carucedo e Borreis; noutros sete concellos máis, Peranzais, Fabeiro, Sancedo, Cabanas Raras, Ponferrada, Priaranza e Benuza, o galego comparte o espazo lingüístico co leonés. Na comarca asturiana de Eo-Navia fálase galego nos concellos de Boal, Castropol, Coaña, Eilao, El Franco, Grandas de Salime, Ibias, Pezós, San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos, Santiso de Abres, Tapia, Taramundi, A Veiga e Vilanova de Ozcos; e son, en parte, de fala galega os de Allande, Degaña, Navia e Villallón. Esas tres comarcas xunto á Galicia actual constituíron a *Gallaecia* Romana que, desde a Idade Media ao século XVII, se denominou o Reino de Galicia. No *Catálogo*, recolleemos tamén varios contos procedentes dun enclave de fala galega situado no Val de Xálima, na provincia de Cáceres, correspondente aos concellos de San Martín de Trevello, As Ellas e Valverde do Fresno.

Estrutura da obra

Para a catalogación dos contos seguimos as propostas metodolóxicas do índice internacional de Antti Aarne e Stith Thompson, *The Types of The Folktale* (AT), revisado e ampliado por Jörg Uther en 2004, *The Types of International Folktales* (ATU). Mais, a diferenza deste, o noso catálogo é tamén unha antoloxía de contos ao xeito do *Catálogo Tipolóxico del Cuento Folclórico Español* de Julio Camarena e Maxime Chevalier (Ca-Che). Cada tipo (subtipo) vai acompañado dunha versión do conto cos datos do informante e do seu lugar de procedencia; este dato figura tamén nas referencias do apartado «Outras versións», sempre que se dispoña de información. A indicación do lugar de recollida paréceme de interese para podermos seguir

o percorrido do tipo dentro da nosa área lingüística, á vez que nos permite localizar a presenza de ecotipos galegos. Algúns tipos (subtipos) levan o apartado «Versións literarias», coas referencias das versións escritas do conto, desde a Antigüidade oriental e grecolatina á actualidade. Na orde de colocación, dásele preferencia ás versións de autores galegos (de habelas) e a continuación van as doutras linguas. Este dato, ademais de servir de indicio sobre as relacións culturais que a nosa tradición narrativa mantivo coa doutras áreas lingüísticas, permítenos ver os cambios producidos no conto, no paso da oralidade á escritura, e viceversa. As fontes de información sobre versións literarias de contos folclóricos proceden, esencialmente, de recompilacións feitas por estes autores: Maxime Chevalier (1975, 1978, 1982, 1983), Julio Camarena e M. Chevalier (1995, 1997, 2003), Monserrat Amores (1997), José Luis Agundez García (1999) e Jesús Suárez (1998, 2008), ademais da nosa pescuda persoal.

Na clasificación dos contos galegos seguiuise basicamente a tipoloxía do catálogo internacional na edición do ano 2004 (ATU). Recuperamos subtipos da edición anterior (AT), suprimidos en ATU, nos casos en que estes correspondan mellor á caracterización dos nosos contos. Para aqueles contos que non teñen clasificación en ningunha das edicións do índice internacional botamos man de catálogos rexionais con outras propostas. Foron os seguintes: *Index of Spanish Folktales* (1930) de Ralph S. Boggs; os catro volumes do *Catálogo Tipolóxico del Cuento Folclórico Español* (1995, 1996 e 2003) de Julio Camarena e Maxime Chevalier (Ca-Che); *Catalogue of Portuguese Folktales* (2006) e o «Catálogo dos contos tradicionais portugueses» (com as versións análogas dos países lusófonos), aínda inédito, ámbolos dous de Isabel Cardigos; *Catálogo Tipolóxico de Cuentos Folklóricos Aragoneses* (1996) e «Revisión del *Catálogo Tipolóxico de cuentos folklóricos aragoneses*: correcciones y ampliación» (1998) de Carlos Gonzalez Sanz (CG); *Types and Motifs of The Judeo-Spanish Folktales* (1992) de Reginetta Haboucha; *The Types of the Folktale in Cuba, Puerto Rico, the Dominican Republic, and Spanish South America* (1957) de Terrence Leslie Hansen; «Types of Jewish-Oriental Oral Tales» (1965) de Heda Jason e *Index of Mexican Folktales* (1973) de Stanley L. Robe. Os números dos subtipos destes catálogos, así como os de AT, levan a indicación do autor ou da autora do catálogo.

De non atoparmos nos repertorios sinalados un número de clasificación para os contos galegos dos que temos rexistrada máis dunha versión, faise

unha proposta de subtipo dentro da serie correspondente do ATU, marcada coa indicación (Noia).

O maior número de tipos (subtipos) do *Catálogo galego* levan dous títulos: un galego e, dependendo do índice do que proceda, outro en inglés ou en castelán. O título galego adoita ser tradución do orixinal; dásele un título diferente cando a tradución non ofrece información adecuada ao conto galego e nos casos en que este ten un título propio na nosa tradición narrativa. E, finalmente, levan un único título galego os subtipos tirados de catálogos que non o teñen (Boggs, Hansen e Robe).

O termo AGANO, seguido dun número e, ás veces, dun título que figura nalgúñas versións presentadas e nas referencias de «Outras versións», corresponde ás siglas «Arquivo Galego de Narrativa Oral», unha recompilación de versións inéditas recollidas en gravacións e tomadas de antigas publicacións, que temos arquivadas.

Transcrición dos contos

Na transcrición dos contos recollidos da oralidade tentouse respectar a fala coloquial, aplicando, no posible, as regras ortográficas vixentes; o cal obrigou a buscar o equilibrio entre a eufonía da fala e as normas da escrita. De aí, o uso de apóstrofos para marcar a elisión de vogais nas conxuncións seguidas de pronome ou das formas do verbo “ser” (*qu’o viu, com’el, n’o fixen, n’é verdade...*) e no caso das preposicións “de” e “pra” (“pa”) seguidas dos adverbios de lugar (*de aí>d’aí, de aquí>d’aquí, pa alá>p’alá, pra acó>pr’acó, pra aquí> pr’aquí, etc.*). Conservouse a forma dos artigos indefinidos “un”, “unha” en *on, onha* ou *ón, ónha* na contracción de u- coa preposición “a”, frecuentes en terras da Gudiña. E, de non figuraren así nos contos escritos, fixéronse as contraccións nas preposicións “a”, “pra” (“pa”) e “de” seguidas de artigos e demostrativos (*ao> ó, pra o>pró, pra a>prá, de esta>desta, de aquilo>daquilo...*). Foron suprimidos, en cambio, unha serie de apóstrofos en textos do século XIX, recuperando a vogal elidida ou facendo contraer directamente os termos; nos guións que marcan as contraccións de artigos e pronomes seguíuse o criterio normativo, eliminándoos ou desprazándoos de lugar (*pol-o>polo, mail-o>mailo, tódal-as>tódalas, comel-o caldo>come-lo, leval-a> levala, etc.*).

Respectáronse os castelanismos léxicos, fónicos e sintácticos dos informantes sen marcalos na escrita, dado que son moi abundantes e os falantes non son conscientes de cometer interferencias cando os din. Palabras como: “Dios”, “capilla”, “Virgen”, “Ángel” (en xeral todo o léxico relixioso), “xuicio”, “xuez”, “usté”, “ustede”, “ostede”, “asta” (suprimiuse o h diacrítico do castelán), “reina”, “conocer” (en toda a conxugación), etc, etc, son de uso común na fala coloquial. Hai outros castelanismos tamén frecuentes como: “entonces”, “ahora”, “hacia”, “bueno” (interxección), “asco”, “sangre”, “zorro”, “salida”, “nadie” (“naide”), “iglesia”, “abuelo”, “pueblo”, “habitación”, “acercarse”, “guevos”, “escuela”, “eres”, “decir”, (“dice”, “decirei”...), “salir” (“salía, saliu”...), que conviven coas formas galegas. Os exemplos son moitos e difíren nas diversas zonas da área do galego. Non hai que esquecer que a maioría dos e das galegofalantes aprenderon o galego na familia e non pasaron pola escolarización nesa lingua, polo que descoñecen a normativa lingüística.

Van en cursiva aquelas frases que intencionadamente foron ditas en castelán polos informantes, ben para poñelas en boca de personaxes considerados dun nivel social superior ao dos labregos ou por outras posibles razóns. Sucede especialmente nos contos maravillosos e nos relixiosos, onde reis, princesas, Deus, Cristo, a Virxe ou os bispos falan castelán.

Canto á puntuación dos textos, na transcripción das gravacións marcámola seguindo as pautas fónicas dos informantes e, en xeral, respectámola nas versións escritas. Só fixemos modificacións de consideralo necesario para a comprensión do relato, fundamentalmente, nos contos de Lois Carré (1968) onde abundan os parágrafos excesivamente longos e se abusa do punto e coma en complexas estruturas sintácticas que dificultan a lectura.

Obxectivos do catálogo

A finalidade deste *Catálogo* é a de conservar e revalorizar a nosa tradición narrativa, con tres obxectivos fundamentais:

1. Espertar nos propietarios do patrimonio literario da oralidade o interese por transmitilo e conservalo.
2. Poñer a disposición dos investigadores galegos: antropólogos, folcloristas, filólogos, sociólogos, así como de calquera persoa interesada polos contos tradicionais, un material que lles poida servir nos seus traballos de investigación ou para o seu lecer.

3. Dar a coñecer no ámbito internacional a narrativa oral galega, tal como o permiten as fontes de que hoxe dispoñemos, para que a nosa tradición folclórica sexa valorada e poida figurar nos repertorios de contos universais xunto á doutras áreas lingüísticas.

En definitiva, é un traballo dirixido ao conxunto da sociedade galega e á comunidade folclorística universal. E sentiríame compracida se a sabedoría popular que conteñen as páxinas que seguen servise de xermolo para recuperar o que aínda queda na oralidade da vella narrativa galega. Un mundo imaxinario creado pola fantasía do pobo que é parte do que hoxe somos, no global e no local. Un patrimonio que nos remite ao mundo rural dos nosos devanceiros –que aínda nos pode fornecer da sabedoría que encerra–, e que debería levarnos a compartir sentimentos, afectos e modos de vida comúns.

Desexo e espero que algún día poidamos reunir no Museo do Pobo Galego un importante fondo de literatura folclórica, que pase a formar parte, xunto a outras formas da cultura material e inmaterial, do patrimonio popular galego que alí se garda.

Agradecementos

Este *Catálogo* non sería posible de non contarmos coas colectáneas de contos que desde o primeiro terzo do século pasado se foron facendo na nosa área lingüística, tanto en Galicia coma nas comarcas limítrofes. Grazas a esas coleccións podemos presentar neste libro unha ampla variedade de tipos e subtipos da nosa narrativa, xa practicamente perdida en todo o territorio galego.

Vaia, pois, o meu recoñecemento para aquelas persoas que, antes de min, se preocuparon por recoller e difundir contos da oralidade. Por unha parte, para os nosos devanceiros do Seminario de Estudos Galegos, en especial Vicente Risco e Xaquín Lourenzo; para José Augusto Ventín, autor dunha colección de textos orais, inédita ata 2007; para Laureano Prieto; para Antonio Fernández, promotor e xestor da recolla de contos da provincia de Lugo que puxeron en marcha Avelino Pousa Antelo, Ricardo Carballo Calero, Bernardino Graña e os mestres que se prestaron a colaborar no proxecto, e tamén para Lois Carré. Así mesmo, son debedora do traballo dos investigadores, recolectores e, en xeral, estudosos contemporáneos de con-

tos tradicionais: Domingo Blanco, Alicia Fonteboa, Fanny López Valledor, Antonio Fernández Insuela, Aquilino Poncelas, Henrique Harguindey e Maruxa Barrio, Francisco Xabier Frías, Manuel Quintáns e Antonio Reigosa; así como aquelas persoas que dun xeito anónimo veñen traballando en distintos equipos, en especial os membros do «Equipo Chaira» de Lugo, os integrantes da Escola Etnográfica Mindoniense e os profesores miñotos, na agarda de que saquen á luz o material que conservan inédito. Quero deixar constancia especial da miña inmensa gratitude a Pepe Rodríguez Cruz, que me facilitou coleccións inéditas de contos recollidos por el, permitíndome xenerosamente presentalas por primeira vez, no meu libro de 2002 e nesta obra.

E, finalmente, quero recoñecer o labor das persoas que, dunha ou doutra maneira, contribuíron á realización do *Catálogo*: Moncho Iglesias, as bolseiras de doutoramento Helena Fernández e Lucía Novas e, de maneira especial, Rita Paredes que durante un ano estivo dedicada á catalogación de contos financiada por unha bolsa do Plan Labora da Xunta de Galicia. Mais estou certa de que, malia as moitas horas de traballo dedicadas a este *Catálogo*, non sería o mesmo de non contarmos coa xenerosa axuda de dous expertos na catalogación da narrativa oral portuguesa, Isabel Cardigos e Paulo Correia, responsables do *Catalogue of Portuguese Folktales*. Foi deles de quen aprendín a metodoloxía da clasificación do conto folclórico e, guiada polas súas constantes orientacións e revisións, puiden dar cabo a este laborioso traballo. O meu agradecemento tamén a Antón Palacio, editor e concienciado corrector, pola revisión final dos textos, e a todas as persoas e entidades que, dunha ou doutra maneira, fixeron posible esta obra.

Camiño Noia Campos
Nigrán, agosto de 2009

Contos de animais

ANIMAIS SALVAXES I-99

A pícara raposa I-69

I O roubo dos peixes

The Theft of Fish

Un labrador dunha das parroquias de Cireixedo marchou unha mañá a quita-la auga dos prados da beira do río, co fin de telos dispostos no momento de bota-lo gado a pacer.

Tapou con terrois a presa cerca do auguadeiro, e as truitas que atravesaron o banzado cara ós prados quedaron envuleceando no seco. O home, cun ramallo de salgueira, fixo unha cambela e foi metendo nela todas as pezas.

Ca cambitada nunha mao e o rodo ó lombo, o home subía con aquela sornia polo camiño que facía rousos por entre unha mata de reboas cando, de súpeto, diante dos nefres, atopou unha raposa morta. «Mira eí onde ta esta raposa morta; que estraño!», pescudaba o home ó atopala deitada e tesa. Logo acercouse a ela e arreoulle unha boa patada nas costelas.

A vulpexa oleara a comida e, localizado sen perda de tempo de onde viña aquel ulido, deu cas truitas nas maos do labrego. Mailo aparente contratempo non a escorrentou do empeño; pola contra, a audacia e sagacidade puxéronse, como en tantas outras veces, ó servicio das artimañas do animal.

«Beh!, namais ca pelica dunha raposa pouco avío me fai», rombou pre si, e deixándoa, seguiu camiño adiante.

Doéndose da golpellada, a raposa irguiuse como pudo e, des que comprobou que o labrego desaparecera, partiu mata arriba ca intención de atallalo. E nunha revolta do camiño localizou o home, tan difunta como a d'antes, outra raposa ben enzafranada no polvo. Como fixera antes, cunha boa patada asegurouse de que non se movía, anque ela soportou tranquilamente a nova golpellada, decidida a quedarse ca cambitada. «Pois mira –falou pre si–, cas dúas, des que esfoladas e os pelexos curtidos, xa podo facer unhas boas mulidas prás vacas». Co este pensamento deixou a ferramenta e truitas xunto á garnela e desandou o camiño pre buscar a outra raposa, pero no seu lugar non atopou outra cousa cá mallada.

A maniobra acabara ben prá raposa. Pois cando, á volta, o labrego descubriu o engaño, xa era tarde de máis.

Por pretender asegura-lo muito, perdeu o pouco.

Xantes-Cervantes, Lugo. Manuel Alonso. *Poncelas* 1992: 111; 2004: 97-98, nº 58, «O labrador e a raposa».

O motivo central [K371.1] do tipo adoita aparecer engadido aos 2B, 4, 15 e 34, nos que o lobo é enganado pola raposa de varias maneiras.

OUTRAS VERSIÓNS

CORTÉS 1981: 92, nº 52 «Conto da raposa e do lobo» [Sanabria, ZA].

CRUZ (no prelo), «A zorra e as sardiñas» (1) (+34, 2B e 15) [Lubián-ZA].

PRIETO 1948: 140-142, «A zorra e o sardiñeiro» [Pentes-A Gudiña, OU].

PRIETO 1958: 187-189, nº 73 «A zorra i o lobo que foi ás trutas» (+122A+6) [Fradelo-Viana do Bolo, OU].

RANDÍN 1930: 64-65, «A raposa e o lobo» (+4) [Calvos de Randín, OU].

VASCONCELLOS 1963: 28-29, nº 20 «A raposa finxida» [Ermisende, ZA].

REFRÁN

«A raposa perde as forzas e non as mañas».

VERSIÓNS LITERARIAS

Antonio Reigosa, «A raposa come troitas», *Animais*, I (2001) e *Antoloxía do conto* (2001). *As mil e unha noites*, noites 133-135; *Roman de Renard* (séc. XIII); *El Conde Lucanor*, XXIX (séc. XIV); *Libro de los gatos*, LIII (séc. XV).

2B A cesta amarrada ao rabo do lobo

Basket Tied to Wolf's Tail

Un sardiñeiro levaba un burro cargado cunha caixa de sardiñas que arrecendían a frescas a máis dunha légoa. Chegou o cheiro á nariz dunha zorra e pensou como facería pra darse unha farta delas. Discurriu de facer o morto no camiño por onde iba de pasar o sardiñeiro; de modo que cando pasou e viu a raposa dixo:

–Ai, hom, que sorte che tuven hoxe! A pelica desta raposa ha de valer para aí uns cinco pesos.

E sin máis, engarroua polo rabo e botouna encima das sardiñas e seguiu o seu camiño botando contas das cousas que ía mercar cando vendese a pelica.

A raposa, en canto se viu sola, emprincipiou a botar sardiñas ó chou deica non deixar ningunha no caixón; estonces tamén se tirou ela. Buscou

unha cesta, colleu as sardiñas todas e marchouse á sombra dun castiñeiro a comelas.

Disde que as comeu todas foise na busca do seu compadre lobo e díxolle:

–Hoxe levein unha fartura de trutas, que comín as que quixen.

–E ló, coma fixo pra collelas, comadre?

–Pois atei unha cesta ó rabo e metínme no riu, decindo: «Trutas á cesta e peixes ó rabo», i encheuse tanto que cuasi non a arromaba pra sacala.

–Pois esta noite vou –respondeu o lobo.

Aquela noite caía unha xeitada que metía medo, pro o lobo tiña tantas ganas das trutas que non se arredou polo friu que podía facer e foi onda a zorra pra que ll'atase a cesta ó rabo. Atoulla e dispoixas marchou cuel ó riu.

Foi o lobo e meteuse nunha poza ben fonda e iba decindo ó rovéis do que lle dixera a raposa, pois el decía:

–Peixes á cesta e trutas ó rabo.

A zorra de vez en cando engarraba unha pedra e botáballa na cesta; i el decía:

–Ai, comadre, como pesa!

Afondou a cesta co peso das pedras i a raposa decíalle ó lobo que non tuvese presas, que canto máis tempo estivera no riu máis se lle enchía a cesta.

A xeitada apertaba cada vez máis, de xeito que cando o lobo se percatou encarambelárase o riu e quedou preso polo rabo. Entonces chamou pola zorra, decíndolle:

–Ai, comadre, vaia buscar uis martelos pra romper os carambelos, pro vaia por lonxe dos palleiros que non a sintan os cadelos.

A zorra marchou a pedirlle os martelos a un canteiro que había no lugar, mais en vez de ir por lonxe dos palleiros, iba o máis cerca deles que podía. O lobo ó ver por onde iba, berroulle desesperado:

–Por lonxe dos palleiros, señora comadre, por lonxe dos palleiros.

A raposa respondíalle:

–Que vaia por onde os palleiros? Xa vou! Xa vou!

E fixo de maneira que alborotou todos os cais do lugar, que botaron a fuxir detrás dela. I a condanada en lugar de ir por lonxe de onde estaba o lobo, colleu dereita el.

Cando o lobo viu que iba cara onda el aquel trupelo de cais, berráballe á zorra:

–Por alá, señora comadre, por alá –dándolle a entender que fose por lonxe.

Mais ela respondía:

–Por alá vou, por alá vou.

E foi pasando mesmo rente ó lobo. Os cais zampáronse todos nel, de modo que se viu tan apertado que derrizou arrancando o rabo.

Despois iba por unha costa arriba, decindo:

–Quen me matará! Quen me matará!

Estaba un home degallando un castiñeiro e cando o lobo pasou por baixo tiroulle co machado e deixouno redondo.

A Gudiña, Ourense. Luísa Carracedo. *Prieto* 1948: 140-142, «A zorra i-o sardiñeiro» (+1).

OUTRAS VERSIÓNS

AGANO-241, «A raposa das sardiñas» [Oímbra, OU].

CORTÉS 1981: 90-91, n^os 49-50 «Conto da raposa e do lobo» (+1, dúas versións) [Sanabria, ZA].

CRUZ (no prelo), «A zorra e as sardiñas» (2) [Lubián-ZA].

FIDALGO 1991: 354, n^o 3; 1994: 270, n^o 4 «O lobo e a raposa collendo peixe no río» [Santa M^a de Vilar de Vacas-Cartelle, OU].

MINI-MERO 1995: 87-89, «A pesca do lobo».

TABOADA CID 1979: 182, n^o 4 «Unha cazata de troitas» [Verín, OU].

VERSIÓNS LITERARIAS

Antonio Reigosa, «A pesca co rabo», *Animais*, I (2001) e *Antoloxía do conto* (2001). Fábula de Esopo (séc. I); *Roman de Rénard* (séc. XIII).

4 O animal enfermo leva o san

Sick Animal Carries the Healthy One

Era o lobo e mailo raposo, e o raposo é moi listo e o lobo é moi burro. Entón díxolle o raposo:

–Queda aí que eu vou á casa dun ver se encontro unha vella –ou non sei que, díxolle ó lobo.

E foi. E estaba a vella, tiña tres tazas de papas postas na mesa. E comeunas, e viña todo enfouzado de papas o raposo. E chegou a cabo do lobo:

–E tu como vés?

–Deume unha palliza esa vella e mira como veño, todo enzoufadiño.

Non podo andar –diche el.

E díxo:

–Pois ponte aquí ó lombo, que te levo ó lombo.

Entonces púxose ó lombo, e iba ó lombo do lobo.

–Tarolarero, tarolarelo! Comín as papas e vou caballero.

–Que é o que dis, ho? Que é o que dis?

–*Nada, nada, son cuentos de mi abuelo.*

E volvía:

–Tarolarero, tarolarero! Comín as papas e vou caballero.

–Que dis, ho?

–*Son cuentos de mi abuelo.*

–Bueno.

E así se acabou, non había máis.

Roupar-Xermade, Lugo. Guillermina Rochela (1926). *Noia* 2002: 58, «O raposo e o lobo».

As versións orais adoitan levar engadidos motivos do tipo 3 [K473, K522.1].

OUTRAS VERSIÓNS

AGANO-246, «Raposiño boleira» [Oímbra, OU].

BIERZO 1992: 106-107, nº 16 «A raposa ias papas» (coa vinganza do lobo) [Guímara-Peranzanes, LE].

CRUZ (no prelo), «A raposa e a ola da manteiga» e «A raposa farta» [Lubián, ZA].

FERNÁNDEZ INSUELA 1993: 163, nº 6 «A ola de manteca» e «O zorro vai cabaleiro» (+15) [Queiroás da Igrexa-Allariz, OU].

LUGO 1963: 43-44, nº 27 «O lobo e o raposo» [Mosteiro-Losada.Guntín, LU].

PONCELAS 1992: 125-127; 2004: 101-103, nº 61 «O lobo e a raposa» (+15 primeira parte) [Lillu- Fabero, LE].

PRIETO 1948: 126-129, «A zorra i o lobo» [Erosa-A Gudiña, OU].

PRIETO 1958: 186, nº 72 «A zorra i o lobo» [Bembibre-Viana do Bolo, OU].

RISCO 1962: 717, «O lobo e o raposo andaban xuntos» [Rairiz da Veiga, OU].

VASCONCELLOS, 1963: 24-26 [Hermisende-ZA].

VERSIÓNS LITERARIAS

Antonio Reigosa, «Marica arteira vai cabaleira», *Animais*, I (2001) e *Antoloxía do conto* (2001). Alfonso Martínez de Toledo, *Corbacho* (1438); Vicente Espinel, *Marcos de Obregón*, vol. II (1618).

6 O animal capturado fai falar ao capturador

Animal Captor Persuaded to Talk

Era un zorro ie unha pega. E nesto... Os zorros son... Xa o que lle puxo «zorro» xa llo puxo porque é moi listo.

E neste a pega estaba tomando o sol nunha peña no río; i o zorro viuna e foi agachadiño, agachadiño pola orilla do río, e ó chegar deu un salto e colleu a pega. I a pega dixo «cómo farei agora pra escapar». E dixo:

–Oíches, ho!

Díxolle:

–Que?

–A que non dices «xiou!»

E díxolle:

–Xiou!

–Non, home, non «xiou!»

–Xiouu!

–Non, home, non, dice «xiouuuu!»

E tanto abriu a boca que a pega escapou e foise subir á cima dun árbol.

I a pega desde alóponse:

–Unha pega, peguxa, nunca se viu en tal garabuxa!

I el díxolle:

–Ay, a este viejo potente, otra no le escapará del vientre!

Chantada, Lugo. Maruxa. *AGANO*-341.

OUTRAS VERSIÓNS

AGANO-240, «A raposa que se lle abriu a boca» [Oímbra, OU].

CARBALLO CALERO s/d [1963]: 211-212, «A raposa e o polo».

CORTÉS 1981: 95-96, nº 56 «O galo e a raposa» (+62) [Sanabria, ZA].

CRUZ (no prelo), «A zorra e o galo» (cinco) [A Gudiña; Meaus; Viana do Bolo, OU; Lubián, ZA].

FERNÁNDEZ INSUELA 1993: 159, nº 1a e b «O zorro e o galo» (dúas versións) [Penedo-Avión, OU].

IBIAS 1999: 21, «O galo ye raposa» [Fulgueiras-Ibias, O].

LUGO 1963: 35 e 54-55, nºs 19 e 40 «O raposo e o galo» e «O raposo e o polo» (+56A); 1972: 26, nº 16 [Navia de Suarna; Vilanuide-Quiroga, LU].

MELIDE 1933: 475-476, nº 10 «A merla e o raposo» [CO].

MINI-MERO 1995: 43-44, «O galo compadre do raposo» (non fala, abre a boca) [Mesía, CO].

MIÑO 2008: 134-135, nº 189 «O sonho do galo» [O Baixo Miño, PO].

NOIA 2002: 59-61, «A raposa e o galo» (tres contos, o segundo +154; o terceiro+56A) [Reiriz de Veiga; Xagoal-Barco de Valdeorras; A Gudiña, OU].

PONCELAS 1992: 105, «Al gallu ia raposa» [Os Ancares, LE].

PRIETO 1948: 137-139, «A zorra i-o galo» (tres versións, unha +56A) [Barxa e Pentas-A Gudiña; Carracedo-A Veiga, OU].

QUINTÁNS 2007: 213-214, «O lobo e a merla» [Coucieiro-Muxía, CO].

RISCO 1962: 714-715, «O raposo, a merla e a pega» (+56A).

TABOADA 1972: 181-182 (+61C+56A) [Verín, OU].

TABOADA CID 1979: 182-184, nº 5 «O galo da tía María Cesteira» [Verín-OU].

Os motivos esenciais do conto son: [K1700 e K561.1]. E nalgunhas versións van combinados cos tipos 56A e 154, nos episodios finais.

VERSIÓNS LITERARIAS

Antonio Reigosa, «Tanta castaña», *Animais*, I (2001). Fábula de Esopo; *Roman de Renard*, II, vs. 415-440 (séc. XIII); Marie de France, *Fables* (séc. XII); Samaniego, *Fábulas*, VI, IV (1781); Fernán Caballero, *Simón Verde* (1853); Sala, «El zorro y la perdiz», nº 58 (61+6) *Fábulas religiosas* (1865).

9 O socio inxusto

The Unjust Partner

Aló polo tempo que os animais falaban, viña unha vez un sapo de servizo, licenciado. Antes de chegar á aldea onde nacera encontrou unha raposa amiga que lle ofreceu traballo. O sapo, como o mesmo lle tiña traballar nun sitio que noutro, e ademais perdía moito tempo no camiño, quedouse en compañía da amiga. Esta era dona dun bo cacho de monte, e os dous xuntos emplearon o seu traballo en roturalo e sembralo de trigo.

O traballo foi duro e penoso mais deron con el e, chegado o mes de San Xoán, deulles cento por un, xa que o ano presentouse do millor. Mallaron e, pra reparti-lo fruto, puxeron a palla nun lado i o grau en montón distinto. Feita a separación, a zorra díxolle ó sapo:

–Bueno Alonso (que tal era o apelido do sapo), aquí témo-lo traballo de todo o ano e vamos a proceder á repartición. O mesmo me dá que ti leves a palla i eu o grau, como eu o grau e ti a palla.

Ó sapo pareceulle mal o negocio e non se puxo d'acordo. Entonces o raposo, ó ve-la disconformidá, propuxo outra cousa. Dixo:

–Visto que non estás conforme ca miña proposición primeira, vouche facer outra que creo é máis doada pra ti. Ves aquel cerro de alí lexos?

–Vexo –contestou o sapo.

–Pois propoño que o que antes chegue á cima del debe ser o que leve o grau.

–Acepto –repicou Alonso.

–Pois postos á par, ó decir as tres, cada un que corra o que poida –dixo a raposa.

–Moi ben.

E puxéronse aparexados i a zorra empezou a contar:

–Unha... dúas...

I antes de decir tres xa o sapo dera un brinco e puxérase moi a xeito no rabo do contrincante. Inda non dixo tres, saliu a zorra a tal marcha que uñaba as puntillas ó dá-las zancadas. O sapo, moi a gustiño, iba no rabo.

Ó chegar ó sitio sinalado, a zorra pegou a volta pra ver si avistaba o sapo. Momento que este aproveitou pra, doutro pequeno brinco, poñerse sobre dunha paneliña que alí había. A zorra, como inda non o vía, escomenzou a berrar:

–Alonso! Ai, Alonso!

Cando levaba chamado dúas ou tres veces, o sapo desde a peniña de máis atrás, dixo:

–Non fai falta que berres tanto, que eu ben cerca estou. Hai xa un rato que espero por ti, así que, miña filliña, eu escólloche o grau, como tratamos.

A zorra, medio aparvada pola resposta do sapo, reprimou:

–Engañácheme ben... Corredor, seralo, pro a traza non cho dá.

Vilanuide-Quiroga, Lugo. Julio Simón. *Lugo* 1963: 37-39, nº 22
«O sapo e a raposa» (+275B).

OUTRAS VERSIÓNS

A CAPELA 1999: 139, «O lobo e o raposo» [CO].

BRAÑEGOS 2004: 79, nº 1 «O raposo e o lobo na sega» (+275B) [Quende-Abadín, LU].

CARBALLO CALERO s/d [1963]: 212-213, «O sapo e a raposa» (a versión presentada).

FIDALGO 1991: 353, nº 2 «O lobo e o raposo»; 1994: 270, nº 3 «O lobo e a raposa na leira das patacas» [Santa M^a de Vilar de Vacas-Cartelle, OU].

GE, «O raposo e o lobo na sega» [A Xesta-Quenlle-Abadín, LU].

VERSIÓNS LITERARIAS

Antonio Reigosa, «O engano no reparto da colleita», *Animais*, I (2001). Grimm, «O labrador e o demo» (1812); Don Juan Manuel, «De lo que aconteció al Bien y al Mal, e al cuerpo con el loco», XLIII, *El Conde Lucanor* (séc. XIV); Fernán Caballero, «La zorra y la vejeta», *Cuentos, oraciones* (1877).

10* (AT) A raposa leva o lobo ao río xeado

The Fox Forces the Bear upon Weak Ice

Era unha zorra i on lobo, i eran compadres. Unha noite de inverno con muta xeadada iban cerca dun pueblo e díxolle a zorra ó lobo:

–Veña comigo a ver si collemos algunha pita, e logo comémolas.

Pero, claro, había un río i, ó pasar..., no río había mutto carambelo, e díxolle ela:

–Ai, compadre! Vaia dediante, a ver si o carambelo está xeitoso pra pasar, non sendo que se funda con nós.

O lobo foi andando, foi andando, i ela tamén foi así algo ó lonxe, pero o lobo chegou ón sitio que o carambelo estaba blando pra pasar i o lobo fundiuse. E cueso quedou atascado, e cas patas pra baixo i a cabeza pra riba. E entonces foi e díxolle ela:

–Ai, Virgen, agora si que a armamos! Déixese estar, e estea quietiño, que vou ó pueblo polos picos i os martelos pra picar os carambelos.

E cueso foi e empezou a ladrar e encerretou os cais. Os cais prenderon a tras dela i ela levouos asta alí. E con eso ela escapou, pero o lobo non pudo, marchou sin rabo, sin orellas, sin fuciño, todo amordicado. Os cais puxérono todo feito unha disgracia.

A Gudiña, Ourense. Señora María (1914). *Noia* 2002: 61-62, «A zorra i o lobo».

OUTRAS VERSIÓNS

CORTÉS 1981: 91-92, nº 51, «A raposa i o lobo» [Sanabria, ZA].

CRUZ (no prelo), «A zorra e o lobo foron ás pitas» [A Gudiña, OU].

15 O roubo da comida finxindo ir de padriño

The Theft of Food by Playing Goodfather

Levaron unha ola de leite pra comer á mediodía. E entonces o raposo, como era máis listo có lobo, díxolle:

–Ai, ho! chamáronme. «Eh, eh! Quen chama aí?» É pra facer un afillado.

Entonces o raposo iba face-lo afillado e o lobo quedaba cavando. E [o raposo] bebeu un pouco leite. Cando volveu:

–E como lle puñeches ó afillado?

–Empezadiño.

–Bueno.

De alí a outro cacho volveu a dicir que o chamaban.

E volveu o raposo pra bebe-lo leite e o lobo quedou cavando.

–E como lle puñeche, ho?

–Medianiño.

Seghiron cavando un pouco. E d'alí a un pouco.

–Pois teño que volver facer outro afillado, que me chaman.

–Bueno, pois vai logo.

E foi a acabar de bebe-lo leite. Cando veu:

–E como lle puñeche, ho?

–Acabadiño.

–Bueno, vai acabado.

E despós, cando iban comer o leite encontráronse sin el. «Pois comicho tu», «Pois comicho tu», era dicirlle o lobo ó raposo, o un ó outro, que o comera un e que o comera o outro. Dixo [o raposo]:

–Pois nada, hai que facer unha prueba. Hai que poñerse aí deitados ó sol, e ó que lle sude máis o lombo é o que comeu o leite.

O lobo estaba cansado de cavar e adormeceu, e o outro non estaba cansado; e así que adormeceu, mexoulle polo lombo. Entonces, despois, chamouno e díxolle:

–Ai, ho! E fuche tu o que comiche o leite, mira como te-lo lombo todo sudado.

E colorín colorado este conto foi acabado, e aghora deprendido.

Roupar-Xermade, Lugo. Guillermina Rochela (1926). *Noia* 2002: 65, «O raposo e o lobo».

OUTRAS VERSIÓNS

A CAPELA 1999: 108-110, «O lobo e maila raposa» [CO].

A CARÓN 1999: 98-99, «O lobo e o raposo» [Rego de Cas-Mondoñedo, LU].

AGANO-325, «El lobo i a raposa» (*A Freita*, nº 6, 1994: 61-62) [Eilao, O].

BIERZO 1992: 85-86, nº 1 «O lobo ia raposa» [Pereda de Ancares-Candín, LE].

BITSARON 1981: 47-49 [LE].

BRAÑEGOS 2004: 79-83, nºs 2, 3 e 4 «O raposo e o lobo» [Abeledo; Corvite; Quende-Abadín, LU].

CARRÉ 1968: 294-297, nº 155 e 156 «Xan e Pedro» [Cambre, CO] e «O lobo e o raposo» [Carral, CO].

CORTÉS 1981: 88-89, nº48 «Conto da raposa e do lobo» [Sanabria, ZA].

CRUZ (no prelo), «Os bautizos da zorra» (seis versións) [A Gudiña, Viana do Bolo, OU; Lubián, ZA].

FERNÁNDEZ INSUELA 1993:163, nº 6 «A ola da manteiga e o zorro vai cabaleiro» (+4) [Queiroás da Igrexa-Allariz, OU].

- FIDALGO 1991: 352, nº 1; 1994: 267-268, nº 1 «O lobo e a raposa» [Santa Cristina de Vilariño-Pereiro de Aguiar, OU].
- FONSAGRADA 2002: 148-149, «Os bautizos da raposa» [Candelos-A Fonsagrada, LU].
GE, «Os bautizos do raposo» (+4) [O Páramo, LU].
- IBIAS 1999: 18-20, «A raposa ye o lobo» [Fulgueiras, O].
- LUGO 1963: 40-47, nºs 24-31 «O lobo e o raposo» (oito versións); 1972: 23, nº 11 (nº 31) [Vilanuide-Quiroga; Navia de Suarna; Lousada-Guntín; Outeiro de Rei; Barreiros-Sarria; Laiosa-O Incio, LU].
- MELIDE 1933: 476-477, nº 11 «O lobo e mais o raposo ou a lapatoria do mel» [CO].
- NAVIA-EO 1992: 45-48, «A mía comadre» [O].
- NOIA 2002: 62-64, «O lobo e a raposa» (tres versións) e 126-129 (+225) [Oimbra e A Gudiña, OU; Lérez, PO].
- PALAS 1995: 72-73, nºs 9, 10 e 11 «O lobo e o raposo» (+2b), «O lobo Xan e o raposo Pedro» e «Outro lobo e outro zorro» (só o episodio final) [Curbián; San Miguel de Coence; Merlán-Palas de Rei, LU].
- POLAVILA 1998: 77-78, nº 1 «A raposa e o lobo» [Bogo, LU].
- PONCELAS 1987: 107-109; 1992: 125-127; 2004: 101-103, nº 61 «O lobo e a raposa» (+4 no final) [Lillu- Fabero, LE].
- PRESNO 2006: 44-45, nº 7 «A raposa i el lobo» [Murias-Presno-Castropol, O].
- PRIETO 1948: 124-129 e 142-143, «A zorra i-o lobo» (tres versións, a segunda +4 e a terceira só parte do tipo) [A Gudiña, OU].
- QUINTÁNS 1993: 135-137 [Cee, CO].
- REIGOSA 2001: 66, dá a referencia de sete versións recollidas polo Equipo Chaira [Abadín, Vilalba e A Fonsagrada, LU].
- RAMOS 1988: 87-92, nºs V e VI [Castro-Ponte Ulla; Vimianzo, CO].
- TABOADA 1979: 190-192, nº 11 [Verín, OU].
- VALADOURO 1998: 48-49, nº XLIX [O Valadouro, LU].

VERSIÓNS LITERARIAS

Antonio d´a Iglesia, «O convite d´o raposo», *El idioma gallego*, III (1886) e *O Tío Marcos d´a Portela*, 164, (23/1/1887); *Follas Novas* (20/3/ 1898); Antonio Reigosa, «Os bautizos da raposa», *Animais*, I (2001). *Panchatantra* (200 a. C.); *Calila e Dimna* (1251); Fernán Caballero, «El lobo bobo y la zorra astuta», *Cuentos, oraciones, adivinas y refranes* (1877).

20C Os animais desafían a tronada

[Cf. 2033]

The Animals Flee in Fear of the End of the World

Aló por aqueles tempos en que os animás falaban, un día cóbrese o ceo de súpeto de escuro nubro, o ar somellaba o bafo dun forno e a treboada

adiviñábase pra estralar. E, en cabo, emprincipiou fortísima. Os tronos non agardaban un por outro, viñan a pares e cada ves máis fortes, mesmamente somellaba a acabazón do mundo.

Un pisco, empoleirado na cima dun tellado, ergueu a cabeza cal se venteara, mirou cun ollo para un lado do ceo e torceu o bico; mirou despois pra outro lado e voltou torce-lo bico. O mal non tiña remedio, o ceo parecía cal si se quixese esborroar esmagando os nados. O pisco, daquela, tan cheo de medo como grande era a súa fachenda, deitouse nunha canle entre as tellas e, virando os pés ó alto, berrou canto puido pra sere ouído:

–Siñor, meu, Jesucristo, bota, bota, bota o ceo sobor das pernas do pisco; tenche nelas moita forza, e quedará o ceo fixo.

Inda non ben romatara de fala-lo paxaro, cando caeu o trono máis forte que oíu alma deste mundo. Abaneu a casa toda máis do que abanearía se tremese a terra. O pisco co medo perdeu a fala, quixo fuxir e non puido, os peñños lle non termaban do corpo, as ás estalecéranlle, viuse perdido de todo. E así foi que, ó lle volver a fala, berrou outra ves cara ó alto, mas agora non o fixo con desafío, estaba moi mainiño e confesou:

–Siñor, meu, Jesucristo, non te fíes nas pernas do pisco, que lle creban como o brizo; estaba tan farto de bechiños, que lle non soubo o que dixo.

Santa María de Beade-Ribadavia, Ourense. *Carré* 1968: 303, nº 163
«O pisco» (variante).

24 (Ca-Che) Os zapatos de casca de noz (coiro)

Los zapatos de cáscara de nuez

O gato e mailo raposo fixéronse amigos, e un día o raposo propúxolle ó gato:

–Oes, ti, queres que vaíamos ás mozas xuntos?

O gato dixo que si, e foron. Pasárono moi ben, mas cando voltaban prá casa saíronlle-los cans ó camiño. O gato, que é moi lixeiro, agabeou a unha albre, e o probe de Pedro viuse pego pra se librar dos cans.

Cando o raposo chegou ó tobo caeu sen forzas, espalancado e lambendo nas unllas das mas e dos pés, dicía acorando:

–Ai, miñas poutiñas poutás!, se non forades vós comíanme os cans, e ti gatiño xa mas pagarás.

Pasaron algúns días, e vaise Pedro e sen lle dicir cousa ó gato polo deixar, dando pé a que tódolos cans o correran a el, propúxolle:

–E, logo, queres vire outra vez ás mozas?

–Eu si, hom, se ti me levas!

Pedro, daquela, díxolle ó gato que como ía levalo pé da filla do señor el rei, era ben que se poñese moi pincho, e convenceuno de lle poñer zapatos meténdolle os pés en cascas de noces; foron andar camiño, e ó virar nun canto, atopáronse na revolta cos cans. O gato quixo agabear, mas os zapatos lle non deixaron e caeu no chan. Os cans botáronse a el e, por máis que fungaba e cambaba o lombo, esgazárono. E no intre o raposo fuxiu moi tranquilo rindo á boca aberta.

San Pedro de Belmil-Santiso-Arzúa, A Coruña. *Carré* 1968: 276, nº 143
«O raposo e mailo gato» (+154).

OUTRAS VERSIÓNS

BRAÑEGOS 2004: 84-85, nº 5 «O raposo e o gato» (+105) [Quende-Abadín, LU].

VERSIÓN LITERARIA

Antonio Reigosa, «As zocas novas do gato» (+105), *Animais*, I (2001).

32 O lobo engana á raposa

The Wolf Descends into the Well in One Bucket and Rescues the Fox in the Other

Foi o lobo onda a raposa; non, foi a raposa onda o lobo, e díxolle o lobo:

–Eu..., se viñeras comigho.

Entón a raposa foi e dixo:

–Eu dábache un queixo moi ghrande, moi ghrande.

Entonces a raposa, claro, andaba buscando que comer. Foi á ferverza e viña a luna á planta do pozo, entón chegaron onda o pozo, mirou así e viu así o queixo máis ghrande no fondo, que a luna bateu no solo, a luna bateu no pozo; entonces estaba o queixo todo ó fondo do pozo; entonces tiña unha romana, entonces díxolle ela a il:

–Baixa e despois súbote eu buscar.

Entón a raposa baixou pero..., non, o lobo baixou, dixo vou por il eu e no máis... Despois baixou ela e el subiu, pero despois il subiu e quedou enriba, e ela quedou embaixo, non; engañouno, quedou comendo o queixo embaixo, pero afoghou.

Ela subiu o lobo, primeiro baixou il, pero... O lobo enganou a raposa. As raposas son moi listas, pero por vir buscar o queixo embaixo, enganouna o lobo.

Cartelle, Ourense. Aurelia Fernández (1926). *AGANO*-222, «A raposa e o lobo».

OUTRAS VERSIÓNS

FIDALGO 1994: 279, nº 13 «A raposa e o león baixan come-lo queixo ó pozo» [Santa Mª de Vilar de Vacas-Cartelle, OU].

NAVIA-EO 1992: 27-30, «O lobo e mais a raposa» [O].

VERSIÓNS LITERARIAS

Antonio Reigosa, «Os dous baldes», *Animais*, I (2001). Fábula de Esopo.

33 O raposo finxe estar morto e foxe

The Fox Plays Dead and Is Thrown out of the Pit and Escapes

O Pantaleón de Gures, que se adicaba principalmente ó coidado das ovellas, que eran a súa principal facenda, tiña bo tino de non as deixar dormir nunca fóra por medo do lobo e do raposo. «Quen garda ben o seu –dicía– sabe o que fai».

Pero un día pola mañán, ó ir á corte pra ceiba-las ovellas e levalas ó monte coma tódolos días, atopouse cun espectáculo increíble. Máis de vinte ovellas aparecían mortas no chan da corte e un raposo que, sen dúbida, entrara polo tellado arredando primeiro as tellas, morto tamén no medio delas. O Pantaleón, cheo de carraxe, agarrou polo rabo o raposo morto e, con tanta forza como puido, arrebolouno ó camiño.

Nisto, o raposo levantouse e botou a correr fóra do lugar. O Pantaleón, sen acertar a comprende-lo que estaba vendo cos seus ollos, dixo, mentras miraba como o raposo fuxía:

–É o raposo ou o demo en figura de raposo?

Ézaro-Dumbría, A Coruña. *Quintáns* 1993: 127,
«O que lle aconteceu ó Pantaleón de Gures».

SINOPSE DO TIPO:

A raposa é descuberta collendo galiñas (cordeiros) nunha propiedade. O dono axótaa e ela finxe que está morta. O home guíndaa a un lado do camiño, e as persoas que pasan por alí vanlle sacando anacos. Cando a van abrir en canal, a raposa érguese e foxe.

O noso conto é unha variante breve do tipo [K522]. Fáltalle a última parte.

OUTRAS VERSIÓNS

CARRÉ 1968: 305-306, nº 166 «O rabo do raposo» (+77) [Melide, CO]

QUINTÁNS 2007: 211-212, «O que lle aconteceu ao Pantaleón de Gures» (a mesma versión presentada).

VERSIÓNS LITERARIAS

Manuel Vidal, «O raposo que se fixo o morto», *Contos d'antano* (1920); J. M^a López, *Contos de Polavila* (1928); Ramiro Cuba, «O raposo fai o morto», *Animais*, I (2001). *Panchatantra*, II, VI (200 a. C.); Fábulas de Esopo e Babrio (sécs. I-III); *Espéculo de legos*, II (séc. XV); Lope de Vega, *Santiago el Verde* (1613); Fernán Caballero no «Apólogo 8», *El refranero* (1912) (+33 e 41).

34A O can guinda coa carne da boca para abocadar o seu reflexo

The Dog Drops His Meat for the Reflection

Á tardiña, cando o sol xa vai baixo, iba un can pola beira dun río buscando algo que levar á boca cando, de repente, viu unha prea medio enterreda entre as pedras do río. Botouse á agua e, como pudo, foille sacando frebas á prea, hasta que se cansou e saíu do río cun bo anaco entre os dentes. Iba andando por un camiño e pareceulle que un animal o seguía, e que cando el paraba o animal paraba. Entón quixo atrapalo e botouse a el cos dentes sen darse conta de que levaba a carne da prea. Como a sombra, que o can pensaba que era un animal, se movía cando el se movía, daba voltas e voltas pra atrapala, sen poder collela.

–Estame ben por larpeiro –dixo–. Agora quedei sen nada.

Vilar de Banzas-Outes, A Coruña. Julia Campos (1920). *AGANO-354*, «O que todo quere, todo perde».

OUTRAS VERSIÓNS

A CAPELA 1999: 23, «O can e a carne» [CO].

REFRÁNS

«Val máis paxaro en mao que sete voando»; «Vale máis un páxaro na man ca dous voando»; «Máis val o certo que o dubidoso».

Segundo refire Cardigos (2006), Ataíde de Oliveira en *Contos Tradicionais do Algarve*, II (nº 390 [1905]: 309), sinala que o conto puido ser a orixe dos proverbios portugueses, comúns cos galegos e casteláns: «Nunca deixes o certo pelo duvidoso» e «Mais vale um pássaro preso do que dois voando».

VERSIÓNS LITERARIAS

Xosé Miranda, «O can e a carne», *Animais*, I (2001). Fábulas de Esopo, Fedro e Babrio (sécs. I-III); Marie de France, *Fables* (séc. XII); *Libro del Buen Amor*, vs. 226-227 (séc. XIII), *Roman de Renard*, I, v. 1060, (séc. XIII), *Calila e Dimna* (séc. XIII); *Espéculo de legos* (séc. XV); *Fabulário Português* (séc. XV); *Orto do Esopo* (séc. XV); Lope de Vega, *El milagro de los celos*, III (séc. XVII); Calderón de ña Barca, *Mañana será otro día*, II, 22 (séc. XVII); Mira de Amescua, *El esclavo y el demonio*, I (séc. XVII); Boira, *Libro de cuentos*, I (séc. XIX).

36 O raposo forza a loba

The Fox Rapes the She-Bear

Nunha aldea ó raposo chamábanlle Perico, non lle chamaban raposo, e a loba estaba de cría. Entonces salía buscar que comer pós fillos e os lobiños novos salían colle-lo sol. E pasou o Perico por alí e díxolles:

–E que facedes aí, meus filliños?

–E estamos collendo o sol.

–Bueno.

Pero marchou. E deseguida chega a mai:

–Quen pasou por aquí?

–Por aquí pasou o Perico.

–E que vos dixo?

–E que facedes aí, meus filliños?

E dixo a loba:

–Deixa, seguidе, esperai aí. Deixaimo coller, a ver cando tuvo el que ver comigo pra...

Vaise, empezou de curro en curro. Pero foron subindo a unha montaña que había peñascos, e o raposo era práctico, e é listo ademais, e claro... Pero viuño así de lonxe, viuño e faille:

–Oi, Perico!, agarda aí; a ver cando tu tuveche que ver comigo pa chamarlles ós meus fillos, teus filliños!

–O que non foi aínda pode ser!

Vaise o raposo e dá a volta ó redor da pena, xa sabía do furado exacto pra el, pasou pró outro lado. E a loba quixo meterse no mesmo furado, pero quedou trancada; e despois a loba nin pra diante nin pr'atrás.

Vaise o raposo, volve por detrás, ala!:

- Non che dicía eu! O que non fora, aínda podía ser.
–E agora aínda me mancas coas uñas.
E díxolle o raposo:
–Eu como non teño uñas, aprétoche destas cuñas!

Vilarente, Lugo. José da Selma. *Brañegos* 2004: 85-86, nº 6
«O que non foi aínda pode ser».

OUTRAS VERSIÓNS

BRAÑEGOS 2004: 86-87, nº 7 «O que non foi aínda pode ser» [Abeledo-Abadín, LU].
MOREIRAS 1968: 365, «Unha vez era un lobo e un burro...» [OU].
NOIA 2002: 66, «O coello e a raposa» [Salvaterra de Miño, PO].
RISCO 1962: 715-716, «O coello e a raposa» [San Pedro de Sabariz-Rairiz da Veiga, OU].

37 O lobo e a raposa coidan do rabaño

The Fox as Nursemaid for The Mother Bear

As versións galegas coñecidas que máis se achegan ao tipo non corresponden á caracterización de ATU.

A CAPELA 1999: 126, «O raposo pastor» (+21), ten só algún motivo deste tipo.

VERSIÓNS LITERARIAS

M. López Prado, «Dous emigrantes», *A Monteira*, nºs 45 e 46 (agosto de 1890);
Xosé Miranda, «O lobo e o raposo pastores», *Animais*, I (2001).

41 O lobo échese a comer nun souto

The Wolf overeats in the Cellar

Eran compadres, entonces ordenaron... Tiñan muita fame. E unha vez había unha voda no lugar, e ordenaron de lle ir comer a comida que tiñan feita mentres que os outros iban á misa, pero como a raposa é mais lista có lobo díxolle:

–Compadre, vamos a comerlle a comida dos que van na voda, mentres eles van alá xa nós comemos e despois escapamos.

E entón díxolle o lobo:

–Pero como vamos ir alá. Por onde vamos a entrar?

Dixo:

–Xa fun a mirar o sitio, hai alí un burakiño polo ghaliñeiro e vamos alí a buscallo, a comerlle a comida.

Entón marcharon, eran compadres e, claro, botáronse come, come! E había as tarteiras da comida. Mentres os outros iban á misa: come, come! Pero a raposa, de vez en cando iba a rastro polo postigo, pra ver se podía salir. Pero como el era lobo, era tan lobo, comeu pa diante asta que encheu.

Entón a raposa, cando mirou que xa lle daba traballo salir polo postigo, escapou e non lle dixo nada ó compadre, escapou e colleu as tripas dunha ghaliña, que estaba de mataren as ghaliñas prá comida da voda, e botouas colghadas ó cuello e púxose enriba dun árbol. E, cuando despois o lobo se deu conta, non miraba a comadre. Pero a comadre escapara.

Viñeron da misa e díronlle unha paliza ó lobo, de medo, e deixárono case a morrer. Pero alá, cando despois o deixaron máis morto ca vivo, alá marcha o pobre do lobo a rastro por alá pa diante; e estaba ela nun árbol coas tripas colghadas, e entón díxolle a raposa:

–Compadre, compadre! Que ten?

–Non me fales, non me fales!, que houbéronme de matar. Ti escapaches, pero houbéronme de matar, comadre.

–Ai, Dios mío! Compadriño, se miras como me puxeron a min. Vou baixar aquí, mira, asta me colgharon as tripas aquí.

Colgháranlle as tripas no pescozo, pero dille el:

–Bueno, pois entón pónteme aquí ó lombo que te levo un pouquiño por aquí pa diante ó lombo.

Entón ela púxoselle ó lombo, pero cando iban por alá pa diante, díxolle ela:

–Por estes campitos llanos, el enfermo lleva al sano.

Dixo el:

–Que dis, comadre, que dis?

–Non, non, estas son as ventoliñas que me ensinou miña abuela cando era pequena.

E, claro, o pobre do lobo a morrer e ela sana de todo, e ela aínda a burlarse del.

Nigrán, Pontevedra. Sr. Antonio (1920). *Noia* 2002: 66-67, «A raposa e o lobo» (+4).

OUTRAS VERSIÓNS

CRUZ (no prelo), «A zorra farta de papas» (+4) [Tabazoa de Hedroso-Viana do Bolo, OU].

FIDALGO 1994: 271, nº 5 «O lobo e a raposa collendo carne do pozo» [Santa M^a de Vilar de Vacas-Cartelle, OU]

VERSIÓNS LITERARIAS

Ramiro Cuba, «O lobo fêrtase na adega», *Animais*, I (2001). Fábulas de Esopo e Babrio (sécs. I-III); *Roman de Renard*, XIV, v. 647-898 (séc. XIII); Lope de Vega, *Santiago el Verde*, I (1620); *Espéculo de los legos* (séc. XV); Vicente Espinel, *Marcos de Obregón*, II (1618); Fernán Caballero, «Apólogo 8», *El refranero* (1912).

47A A vaca (cabalo) leva a raposa (lobo) a rastro

The Fox Hangs Onto the Horse's Tail

Unha vez viña unha vaca da feira da Gudiña, soliña de á feito, porque coma estaba parida escaparáselle ó amo.

Unha zorra i on lobo vírona pasar, e cuesto díxolle a zorra ó lobo:

–Ai compadre!, vamos a comer esa vaca.

–Osté ben fala, comadre. Eu de boa gana lle ferraba os dentes, mais mire que cuseses cornos tan aguzados que ten é capaz de escornarnos...

–Osté é un medroco. Xa verá coma eu sola podio cuela. Heille saltar ós cornos; despois heille desatar a corda que trai arrodillada á cabeza; préndoa ón rebolo; e despois heina comer de cabo de rabo.

Foi a zorra e saltoulle á cabeza á vaca e púxose a desatar a corda, pro coma a vaca non estaba queda enzurrillouse de tal xeito que quedou alí enganchada e non se podía baixar.

Entonces berroulle o lobo:

–Comadre, déixese desas porfías!

–Que porfías nin pataratas! –respondeu a raposa– Se a corda non creba ou non se desata hei de ir á casa do dono da vaca.

I así foi. A vaca botou a fuxir cua zorra na cabeza, i o chegar ó curral esmagouna contra unha parede.

Carracedo-A Veiga, Ourense. Adelina Rodríguez. *Prieto* 1948: 147-148, «A zorra i-a vaca».

OUTRAS VERSIÓNS

A *CULTURA POPULAR* 1998: 136-137, «O lobo e a vaca» (+122F) [Miñotos-Ourol, LU].

BITSARON 1981: 38-39 [LE].

CORTÉS 1981: 51-52, nº 21 «A vaca i el llobu» [Sanabria, ZA].

FERNÁNDEZ INSUELA 1993: 162, nº 5 «A vaca e o lobo» [Queiroás da Igrexa-Allariz, OU].

LUGO 1963: 82-83, nº 69 «O raposo e o home da xata»; 1972: 34, nº 28 [O Corgo, LU].

MINI-MERO 1995: 19-20, «Xan García e Pedro» [Terra de Montes, PO].

MINI-MERO 2000: 100-101, «Dos tratos dos homes e os raposos» [Boado-Xinzo da Limia, OU].

NOIA 2002: 56-57 e 68, «O lobo víngase do raposo» (+2B) e «O lobo e a vaca que pace» (+122F) [Lérez, PO; Viveiro, LU].

PALAS 1995, nº 6 «O lobo, o zorro e a vaca» (+122 F) [Vilareda-Palas de rei, LU].

VASCONCELLOS 1963, 41, nº 34 (+122 F) [Hermisende, ZA].

VERSIÓN LITERARIA

Antonio Reigosa, «A vaca co lobo arrastro», *Animais*, I (2001).

47B O cabalo dálle ao lobo un couce nos dentes

[Cf. 122A]

The Horse Kicks the Wolf in the Teeth

Iba un lobo andando con moita fame, e chegou a un campo onde pastaba unha besta coa cría, e díxolles:

–Vou comer a un dos dous. Teño moita fame.

A besta díxolle:

–Comerás, ho. Pero pero primeiro tes que facerme un favor.

–Por iso que non quede. Que queres que faga?

–Hasme mirar se teño posto o nome na ferradura.

–E logo?

–Cando morreu me pai deixou escrito o meu nome nunha pata, pero, como non sei ler, non sei en cal está, e quero que ma leas antes de que me comas pra saber como me chamo.

–A ver, logo, levanta a pata dereita.

O lobo colocouse por detrás do macho i este pegoulle un couce tremendo e botouno polo campo abaixo. O lobo quedou alelado. E cando volveu en si, ergueuse e dixo: «Téño ben merecido por meterme a facer favores. Nin eu nin os meus soubemos nunca de letras».

E como tiña tanta fame, non podía coas pernas e deitouse debaixo dun carballo e dixo:

–Mira que perdín de comer un bo almuerzo por burro! Non teño perdón por ser tan parvo.

Un home que estaba enriba do carballo cortando unhas polas deixounas caer e bateron na cabeza do lobo. E dixo:

–Raio! que pronto recibín o castigo!

San Cristovo do Eixo-Santiago de Compostela, A Coruña. Lucía Munín (1944).
AGANO-355, «O raposo que tiña fame».

É a única versión galega que temos rexistrada que só ten os motivos centrais do tipo ATU: [J954.1, K566, K1121]. O máis común é que nas versións galegas os pedimentos que diversos animais lle fan ao lobo, para librarse del cando os vai comer, adoiten ir combinados: así os motivos deste tipo 47B poden ir cos do 122A, C, F e 122B* [K551.8, K551, K551.3.4, K561.2, K553, K562.1].

VERSIÓNS LITERARIAS

M. López Prado, «O lobo cacique» (+122A+122k*), *A Monteira*, 15 (1890) e Noia (2002). *Roman de Renard*, XIX (séc. XIII); *Libro del Buen Amor*, vv. 774-779 (séc. XIV); *Fabulario portugués*, XXVIII (séc. XV).

47D O raposo quere imitar ao lobo

The Dog Wants to Imitate the Wolf

Era o lobo e mailo raposo e eran rapaces, e apareulle a raposa. E entón chamou o lobo pa bautizar, que eran moi amigos, e dixo:

–Bueno, ahora endes que bauticémo-los críos –dixo–, eu mais ti –díxolle o lobo ó raposo– vamos de caza e as mulleres que queden aquí na casa.

E foron, e sintiu o raposo, claro:

–Cantan as galiñas!

–Anda, ho, sácate de aí, non faigas caso ás galiñas nin a moito menos, que eso é un bocadillo de nada.

Logo chegaron máis adiante; había un rabañiño da ovellas e tiñan años, e dixo [o raposo]:

–Ai, compadre, eh!, mira que rabañiño de años e que guapos son.

E dixo o lobo:

–Bueno, home, bueno, que esto non é nada.

Chegaron alí unha miguña máis arriba a un altiño que había. Había un rabaño de eguas boas e tal. Díxolle:

–Ai, por aí non vamos, eh! –díxolle o raposo ó lobo–. Por aí non vamos que esas..., senón, mátante.

–Tu afala pa baixo, que eu póñome neste buqueiro.

E segundo el falou ás eguas, vaise o lobo, bótalle a boca a unha, pum!, collérona e trouguérona á rastro pa beira da porta e comérona, os xamós, o máis deixárono.

Bueno, comeron e beberon e tal e marcharon. Pero d'áí a catro ou cinco días, díxolle o raposo á muller, dixo:

–Vamos de caza, que tamén meu compadre me axudou a cazar e tal.

Bueno, saliron e a raposa, claro, dicíalle as mesmas cousas que lle dicía o raposo ó lobo. Dixo:

–Mira como cantan as galiñas.

–Nada, muller, nada, que eso non é nada.

Pensou que era coma o lobo. Chegou cabo dos anos:

–Ai...!

–Tampouco –dixo–, nada.

Chegaron cabo das eguas e díxolle a raposa:

–Ai, aquí non nos metemos que nos van pescar, que nós somos pequenos.

E dixo o raposo:

–Non, muller, non. Tu afala por este buqueiro, que aquí xa me encargarei eu delas.

E ela a falou. Vén o marañón diante e vai...; segundo vai, bótalle a boca ó raposo por tras da caluga, colle con el a correr polo monte abaixo.

E dicíalle a raposa:

–Deixo, ho!, deixo, ho!, deixo, ho!

E dixo [o raposo]:

–Quen puidera!

A Xesta-Quende-Abadín, Lugo. Rodolfo Caballero (1943).
Brañegos 2004: 87-88, nº 8 «O raposo e o lobo de caza».

VERSIÓN LITERARIA

Antonio Reigosa, «O raposo arrogante», *Animais*, I (2001).

49 O lobo e a raposa van ao mel

The Bear and The Honey

Nunha ocasión, a raposa tiña ganas de mel, pero non sabía como había facer para collérilo ás abellas. Entón viu pasar un lobo e díxolle:

–Meu compadre, non lle gustaría ter mel prós catarros de inverno?

–Si, miña comadre, pero non sei onde o pode haber!

A raposa indicoulle onde había.

–Aí, nese castiñeiro de diante.

O lobo foi correndo car' alí, meteu o fuciño e saíronlle as abellas atrás del. Mentras, a raposa colleu canto mel quixo, e gardouno prós catarros do inverno antes de que volvesen as abellas.

Mesía, A Coruña. *Mini-Mero* 1995: 121-122, «A raposa e o lobo».

50 O león enfermo

The Sick Lion

O rei dos animais, qui é o leión, atopouse mui mau e coma estonces inda non había médicos iban por alí os outros animais a darlle as maciñas que a eles lle sentaran ben cando estiveran doentes. Tamén foi o lobo. E como tivera un disgusto cua súa comadre raposa, pensou vengarse dela, decíndolle:

–O millor que lle sentaba era tomar uis caldiños de carne de zorra. Íbanlle sentar mui ben. O que osté ten é reuma, e pra eso non hai nada millor.

A zorra, que estaba escutando todo, agardou a que marchase o lobo e, dispoixas, entrou ela decindo:

–Ben se vei que o que osté ten é reuma. Claro que pra curala é mui bon tomar uis caldiños mui ben feitos; e inda hai quen dice que da miña son os millores; mais o que pasa mutas veces cos caldos e con tódalas maciñas que se toman por drento é que derraman o estámago. Eu a millor maciña de que teña sabido é a de envolverse nunha pelica de lobo acabada de sacar. Unha comadre miña estaba que non se podía remar pra nada; tomou caldos e máis caldos, pro non sanaba. Estonces veu por alí un raposo que traía andadas mutas terras i aconselloulle que fixera o da pelica; fixoo i ascape curou.

E larea que te larea convenceu ó leión e marchouse. Ó saír díxolle ó lobo que entrase que o leión inda lle quería preguntar máis cousas sobor dunha maciña que lle dera.

Entrou o lobo; e de alí a un pouco saíu espido de cabo a rabo. Ó velo cu aquel vestido tan bonito, berroulle a raposa:

–Tiu das calzas vermellas, conte as súas e deixe as alleias!

Carracedo, A veiga. Adelina Rodríguez. *Prieto* 1948: 139-140, «O tiu das calzas vermellas».

OUTRAS VERSIÓNS

CORTÉS 1981: 93, nº 53 «O leon, o lobo y a raposa» [Sanabria, ZA].

VENTÍN 2007: 364-365, «O pucho vermello» («Home do pucho vermello, cando fores ó consello, coida do teu negocio e non coides do alleo») [Moscoso-Pazos de Borbén, PO].

VERSIÓN LITERARIA

Sebastián Mey, «El león enfermo, el lobo y la raposa», 50, *Fabulario* (1613).

56A O raposo ameaza con serrar a árbore e comer os paxariños

The Fox Threatens to Cut Down the Tree and Gets Young Birds

Unha vez era unha pega que tiña o nido no pico dun carballo.

Pasou por alí o raposo e díxolle:

–Ai, pega, dásme un pego?

E contestoulle a pega:

–Non cho dou, que non o teño.

Entonces dixo o raposo:

–Revólvetes, meu rabo, tumbemos este carballo.

E deulle un pego.

O raposo marchouse pero volveu ó outro día e repetiu a mesma andrómene, i así tódolos días hasta que lle comeu os peguños todos.

A pega quedouse mui triste e choraba polos seus nenínos, cando pasou por alí Nuestro Señor e preguntoulle por qué choraba. A pega contoulle todo o que lle pasara co raposo, i entonces díxolle Nuestro Señor:

–Si volve a pedirche, non lle teñas medo e contéstalle «O teu rabo non é d'aceiro pra tumbar este madeiro».

Nantín-Becerreá, Lugo. Conchita Santiso (1941). *Lugo* 1963: 49-50, nº 34
«A pega e o raposo».

A diferenza do tipo ATU, nas versións galegas, a ave que aconsella á nai dos paxariños de que non lle dea as crías ó raposo aparece sempre ó final, e non no inicio do conto.

OUTRAS VERSIÓNS

A CARÓN 1999: 89-90 (+225) [Benquerencia-Mondoñedo, LU].

AGANO-324.2 [Barco de Valdeorras, OU].

- ALVILARES 1947: 1041-1042, «A merla e o zorro» (+6) e «A pega e o zorro» [Lalín, PO].
- BURELA 2001: 172-173, «O raposo, a pega e a raposa» (+6) [LU].
- CAMARENA 1991: 23, nº 16 «Serra, meu rabo» [O Bierzo, LE]
- CARRÉ 1968: 284-286, nºs 148 e 149 «A pega e o raposo» (+154) e «O raposo e a melra» [Carral, CO].
- FONSAGRADA 2002: 148 e 149, «A raposa e o galo» (só chamada á recuperar as plumas) e «O rabo da raposa» (só menosprezo do rabo) [Candelos-Fonsagrada, LU].
- GE, «A pega e o raposo», «As peguiñas e o lobo» e «A pega e o raposo» (+225) [Artes-Ribeira, CO; Vigo, PO; Barbadelo-Sarria, LU]].
- LUGO 1963: 50-52, nºs 35 e 36 (+225) «A pega e o raposo»; 1972: 24-25, nº 14 (nº 35) [Nantín-Becerreá; Barreiros-Sarria; Outara-Pobra do Broullón, LU].
- MELIDE 1978: 475-476, nº 10 «A merla e o raposo» (+6) [CO].
- NARRADORES OCASIONAIS 2003: 361, «O galo e a raposa» [recolección de Manuel Portela, Pontevedra].
- NOIA 2002: 69-71, «A rola e as crías» (dúas versións fragmentarias, a segunda +6) [Vigo, PO; Betanzos, CO].
- PONCELAS 1987: 103-104, «A raposa e o galo»; 2004: 84, nº 45 [Teixeira-Vilafranca do Bierzo, LE].
- PRIETO 1948: 137, «A zorra i-o galo» (+6) [Pentes-A Gudiña, OU].
- RISCO 1962: 714-715, «O raposo, a merla e a pega» (+56+60 e 6).
- TABOADA 1972: 181-183 (+154) [Verín, OU].
- VIGO 1993: 159, «O conto da ave sinsoña e o raposo» [PO].

REFRÁN

«Quérelle o corvo ós seus corviños como a pega ós seus peguiños».

VERSIÓNS LITERARIAS

Antonio de la Iglesia, «O zorro e a merla», *El idioma gallego*, III (1886); Reigosa, «Revírate, meu rabo», *Animais*, I (2001). Fábula de Esopo (séc. I); «De la Gulpexa et de la Paloma et del Alcavarán», *Calila e Dimna* (séc. XIII); Don Juan Manuel, «De lo que contesció a un raposo con un gallo», *El Conde Lucanor*, XII, (séc. XIV); *Castigos e Documentos del Rey Don Sancho* (séc. XIII); Fernán Caballero, «Apólogo 6» (56A+61), *El refranero* (1912).

57 O corvo co queixo na boca

Raven with Cheese in his Mouth

Era unha vez un corvo que andaba moi contento porque atopara un pouco de queixo. Viuno un raposo que andaba por alí e que tiña moita fame

porque levaba varios días sen probar ningunha galiña nin bocado doutra cousa. Como tiña fame, empezou a matinar como podía facerse co anaco de queixo e díxolle ó corvo:

–Ti e-lo paxaro que peor canta de todos.

–Non, iso non é certo. Eu son o que mellor canto –respondeu o corvo.

–Demóstramo.

O corvo, ferido no seu amor propio, comezou a cantar e ó abri-lo pico caeulle o queixo no chan, e colleuno o raposo e escapou con el, deixando o corvo coa fame que tiña.

Mondoñedo, Lugo. Damián Fernández Muíño. *A Carón* 1999: 89, «O corvo e o raposo».

Este tipo ten motivos coincidentes co 6. Como aquel, un animal é inducido a abrir a boca para soltar o que leva entre os dentes ou no peteiro[K721, K334.1]. No 6, é unha raposa (lobo) a que leva un galo e faino falar, mentres que aquí é unha ave (corvo) que leva un queixo e abre a boca para cantar.

OUTRAS VERSIÓNS

A CARÓN 1999: 96, «O raposo e o merlo» [Corvite-Abadín, LU].

GE, «O corvo e o raposo» [Suñide-Samos, LU].

NOIA 2002: 72-73, «O corvo e a vella» [Cerdedo, PO].

PRESNO 2006: 43, nº 4 «El corvo i a raposa» [A Veiga dos Molíos-Presno-Castropol, O].

QUINTÁNS 2007: 199-200, «O corvo e o raposo» [Rial-Val do Dubra, CO].

VERSIÓNS LITERARIAS

Reigosa, «O raposo come queixo», *Animais*, II (2001). Marie de France, *Fables* (séc. XII); *Roman de Renard* (séc. XIII); Arcipreste de Hita, *El Libro del Buen Amor* (séc. XIV); *Fabulário Português*, XV, (séc. XV); Don Juan Manuel, *El Conde Lucanor* (séc. XV); Torres Naharro *La Propalladia* (1517).

59 O raposo e as uvas agres

The Fox and the Sour Grapes

Estaba un gallego debaixo da súa casa que tiña unha parra con uvas moi boas, e estaba unha ave comendo nas uvas. Naquil momento o home viu que viña un zorro de cara á casa e agachouse.

E neste, díxolle a ave ó zorro:

–Oes, ho, sube arriba e com 'uvas!

E díxolle o zorro:

–Non chas quero que están verdes!

Pousada-Chantada, Lugo. Guillermo Fernández Troitiño (1918). *Noia* 2002: 74, «As uvas verdes».

OUTRAS VERSIÓNS

A CAPELA 1999: 156, «A raposa e as uvas» [CO].

AGANO-327, «Están verdes» [Barco de Valdeorras, OU].

CRUZ (no prelo), «As uvas verdes» [Verín, OU].

NOIA 2002: 74, «As uvas verdes» [Chantada; Bóveda, LU].

PONCELAS 1992: 123, «O boi e a raposa» (+115+67); 2004: 90-91, nº 52 [Lillu-Fabero, LE].

PRIETO 1948: 136-137, «A zorra i-as uvas» [Carracedo-A Veiga, OU].

VERSIÓNS LITERARIAS

Reigosa, «O raposo e as uvas», *Animais*, II (2001). *Pachatantra* (200 a.C.); Fábulas de Esopo e Babrio (sécs. I-III); *Roman de Renard* (séc. XIII); Santa Cruz, *Floresta española*, V, I, VI (1567); Sebastián Mey, *Fabulario*, IX (1613); Lope de Vega, *Los embustes de Fabia* (séc. XVII); Sebastián Mey, «La raposa y las uvas, 9, *Fabulario* (1613); La Fontaine, *Fables*, III, 11 (1668); Samaniego, *Fábulas*, IV, 6 (séc. XVIII); Fernán Caballero, *Elia* (1849).

59A (Ca-Che) A raposa pide luz

La zorra pide luz

Unha vez era un zorro que andaba nas cirolas namentras ralampeaba. O zorro collía as cirolas e decía:

–Alumea, velliña, alumea, que che de dar unha cirolíña.

E logo caeu un raio que lle cortou a mitá do rabo i o zorro berrou:

–Ai, raio, cirola, a mitá do rabo xa vai fóra!

Vilela-Taboada, Lugo. Gisleno Abelaira. *Lugo* 1963: 79-80, nº 65 «O raposo nas cirolas».

OUTRAS VERSIÓNS

LUGO 1972: 33, nº 26 «O raposo nas cirolas» (a versión presentada).

PONCELAS 1987: 125-126, «O galo e a raposa» [Os Ancares, LE].

VERSIÓNS LITERARIAS

Reigosa, «Raio, cirola!», *Animais*, II (2001). Fernán Caballero, «Apólogo 8», *El refranero* (1912).

60 O raposo e unha ave convídanse

Fox and Crane Invite Each Other

Érase unha cigüeña e unha zorra, e díxolle a zorra:

–Bueno, tal noite tes que vir a un banquete. Formo un banquete e tes que vir.

E foi.

Foi a cigüeña e fízolle papas, papas mui raras e botouas nunha fonte mui grande e con eso a zorra lambía, pero a cigüeña co pico non pescaba nada.

E despois díxolle:

–Ai, comadre! tal noite fago unha enmorada e tamén tes que vir.

E a zorra díxolle que si.

–Bueno, pois quedamos neso.

Chegou e fízolle as papas e botounas dentro dunha cabaza das que había antes, do viño, sabes cómo eran esas cabazas. Botou as papas dentro da cabaza. Entonces a cigüeña metía o pico e chupaba, pero a zorra lambía por afora, claro, porque non podía.

Rubiais-Viana do Bolo, Ourense. Luciano Vidueira (1923). *Noia* 2002: 75, «A zorra e a cigüeña».

OUTRAS VERSIÓNS

A CAPELA 1999: 159-160, «O convite» [CO].

BRAÑEGOS 2004: 88-89, nº 9 «O raposo e a aguia» [Montouto-Abadín, LU].

CARBALLO CALERO s/d [1963]: 213-214, «O corvo e o raposo» (nº 33 de LUGO).

CORTÉS 1954: 65, nº 10, e 1981: 94, nº 54 [Lubián, ZA].

FERNÁNDEZ INSUELA 1993: 164-166, nºs 7 e 9 (a e b) «A zorra e a cigüeña» e «A cigoña e a raposa» (+225) [Penedo-Avión e Queiroás da Igrexa-Allariz, OU].

FRÍAS 2000: 61, «A raposa e a cegoña» [San Salvador del Valledor-Allande, O].

LUGO 1963: 48-49, nº 33 «O corvo e o raposo»; 1972: 24, nº 13 [Nantín-Becerreá, LU].

PONCELAS 2004: 80-82, nº 43 «A cigoña e a raposa» (+225) [Teixeira-Vilafranca do Bierzo, LE].

QUINTÁNS 2007: 177-178, «A cigüeña e a raposa» (+225) [Celanova, OU].

VASCONCELLOS 1963: 13, nº 5 «A cigüenha i a zorra» [San Martín de Trevejo, Cáceres].

VIGO 1993: 155, «O corvo e o raposo» [PO].

VERSIÓNS LITERARIAS

Reigosa, «O convite», *Animais*, II (2001). Fábulas de Esopo e de Fedro, «Vulpes et Ciconia» (séc. I); *Semones vulgares* (séc. XII); *Fabulário Português* 1903, XIX (séc. XV); Juan de Pineda, *Diálogos familiares*, V (1589); La Fontaine, «Le renard et la cigogne» (+225), *Fables*, I, XVII (séc. XVII); Samaniego, *Fábulas*, I, X (séc. XVIII).